

## **RESOLUCION DA ALCALDÍA**

**D<sup>a</sup>. María Ramallo Vázquez**

SECRETARÍA XERAL

Expt: 2019-SE010-003

### **NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Tras as eleccións locais do pasado 26 de maio de 2019 e constituída a Corporación en sesión extraordinaria celebrado o día 15 de xuño de 2019, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, á constituición da Xunta de Goberno Local, xa que é de existencia preceptiva neste municipio, por ter unha poboación superior aos 5.000 habitantes, de acordo co previsto no artigo 20.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Os artigos 23.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establecen que a Xunta de Goberno Local estará integrada polo/a alcalde/sa e un número de concelleiros/as non superior ó terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente pola Alcaldía, do que deberá dar conta ao Pleno.

De conformidade co disposto nos artigos 20.1 b) e 23.1 da LBRL; arts. 35.2, 52, 53 e 112.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigos 59.2.b), 65 e 211 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e demais lexislación concordante, pola presente **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Nomear membros da Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, os/as seguintes concelleiros e concelleiras electos:

- D. Manuel Santos Costa
- D<sup>a</sup>. María Antonia Sanmartín García
- D. Antonio Traba Miñones
- D. Pablo Novas Caballero
- D<sup>a</sup>. María Cristina Acuña González
- D. Francisco José Estévez Salazar
- D<sup>a</sup>. Beatriz Rodríguez Gómez.

**Segundo.-** Corresponderá á Xunta de Goberno Local, así integrada, e baixo a presidencia desta Alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que lle delegue calquera órgano municipal ou expresamente lle atribúen as leis.

**Terceiro.-** Conforme ó disposto no art. 113.3 ROF, a Alcaldía poderá requirir a presenza de membros da Corporación non pertencentes á Xunta de Goberno Local, ou de persoal ao servizo da entidade, ao obxecto de informar no relativo ó ámbito das súas actividades.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno celebrará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes ó da designación dos seus membros e celebrará sesión ordinaria, coa periodicidade que determine o Pleno, os **mércres ás 13:30 horas**.

Queda facultada a Alcaldía para alterar a data de celebración das sesións da Xunta de Goberno Local que coincidan con Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, cando elo non menoscabe a xestión dos asuntos municipais, así como para pospoñer ou adiantar a

realización das sesións ordinarias da citada Xunta, dentro da mesma semana da súa realización, cando o día fixado sexa festivo.

**Quinto.** A presente resolución deberá notificarse persoalmente aos designados, a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos, entendéndose aceptados tacitamente, se no termo de tres días hábiles contados desde a notificación do acordo, os designados non fan manifestación expresa ante a Alcaldía de que non aceptan o cargo.

**Sexto.-** A efectividade da presente resolución producirase desde o día seguinte ó da súa firma, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, debendo ser publicada, así mesmo, na sede electrónica municipal en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Sétimo.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

Así o dispón a señora Alcaldesa do que eu como Secretaria dou fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**